



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO  
O DÍA VINTE DE SETEMBRO DO DOUS MIL SETE.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup> María Loureiro García, D. José Luis Docampo Fortes, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D<sup>a</sup>. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. María Concepción Toral Romero, D. Guillermo Leal Arias, D. Jesús Fernández Fernández, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde González, D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. Celestino V. García Paz, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

**XUSTIZA A NON ASISTENCIA**

D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz

**SECRETARIA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de setembro do dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. concelleiros relacionados anteriormente, así como da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA  
CELEBRADA O DÍA 13 DE AGOSTO DE 2007. .**

Polo Sr. Alcalde preguntábase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 13 de agosto de 2007, intervindo o concelleiro do PP, D. Celestino V. García Paz, que di que na páxina 27, no parágrafo 1º, aliña 4ª, onde di: “...: que a instalación estaba totalmente diferente...” debe dicir que: “...” que a instalación estaba totalmente deficiente”.

A continuación, o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, indica que na páxina 40, na pregunta 3 das formuladas por el, ten que dicir que non utilizou a expresión “melhores”.; polo que pide se corrixa pola de “paso de peóns elevado”.

Non producíndose outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), acorda aprobar a dita acta, incluíndo as mencionadas observacións.

**2.- FIXACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2008.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, dáse conta de que, a efectos de cumprir o prazo fixado pola Delegación Provincial da Consellería de Traballo, cómpre tomar acordo das festas locais de Viveiro para o ano 2008 que van ser nas datas de costume, é dicir: martes de Antroido, que o próximo ano é o 5 de febreiro e a festividade de San Roque que é o 16 de agosto, que o vindeiro ano coincide en sábado.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda fixar as seguintes festas locais para o ano 2008:



- Martes de Antroido, día 5 de febreiro.
- Festividade de San Roque, 16 de agosto.

Dáse traslado á Delegación Provincial da Consellería de Traballo.

### **3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN AO EIXO ATLÁNTICO, ACEPTACIÓN DOS ESTATUTOS E COMPROMISO DE PAGAMENTO DA COTA ANUAL.**

O Sr. Alcalde expón que unha vez que aprobou a Asamblea Xeral do Eixo Atlántico do Noroeste Penínsular a adhesión do Concello de Viveiro e coa importancia que ten esta organización, xa que inclúe aos concellos dun amplo territorio e, tendo en conta, dí, que de Lugo soamente figuran o Concello da capitalidade e Monforte de Lemos, considera que para a Mariña vai ser importante a incorporación de Viveiro, porque pode supoñer a incorporación dos Concellos de Foz e Ribadeo, indicando que a data límite para acordar a adhesión e o compromiso anual da cota que importa 18.000 euros é o trinta de setembro. Igualmente, sinala que esta cantidade haberá que aboala o ano 2008, polo que se terá que incluír nos orzamentos dese ano e que se podería diminuír o importe da mesma se se incorporan novos concellos.

Seguidamente, refírese as vantaxes que supón esta incorporación en canto a dispoñer de instrumentos de información, dunha oficina de información en Bruselas, e lembra que todos os partidos políticos apoiaron a creación desta eurorexión e que hai ter en conta, dí, a participación do norte de Portugal co que conleva unha zona xeográfica que ten tantas similitudes con esta Comunidade Autónoma.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que o seu grupo non está en contra desta adhesión se supón un benefizo para Viveiro. Que, non obstante, hai que dispoñer da cantidade de 18.000 euros que lles va a costar e non se determinan ou sinalan uns beneficios concretos que lle gustaría saber que axudas se poderían recibir ou que outros beneficios se poderían derivar e se estes foran importantes para o noso Concello.

A seguir, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, dí que considera que é un tema de gran importancia a proposta de adhesión, polo que debería de tratarse nunha Comisión Informativa, máxime tendo en conta que se aproban uns Estatutos; por todo isto solicita que se estude previamente xa que do contrario se absterá na votación.

A continuación, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, indica que lle parece correcta a apreciación feita polo Concelleiro do BNG e que non sabe se se poderían modificar os Estatutos polo concello que se incorpore e tamén, dí, está a cuestión se se incorporan os Concellos de Ribadeo e Foz, que suporía menos gasto para Viveiro.

En contestación, o Sr. Alcalde resposta que esta é unha Organización que non se creou no día de onte, que o Voceiro do PP fala en nome dese partido político que foi o primeiro impulsor do Eixo Atlántico, por medio do Presidente da Xunta, Sr. Fraga, Presidente dese partido e que o derradeiro presidente do Eixo Atlántico foi a última Alcaldesa de Vigo, polo que considera inédita a postura do Partido Popular de Viveiro á vista deses antecedentes.

A seguir, dí que en canto aos benefizos, considera que estar fora desta Organización é un prexuízo para este Concello e se pregunta ¿É o Eixo Atlántico cazador de subvencións?, resposta que non, pero dí que o que sí é certo e que se o Concello se atopa fóra desta Organización, non lle será posible participar dese proxecto político institucional que considera máis relevante que outros



nos que se adheríu o anterior goberno municipal. Que é a primeira vez que o ingreso deste Concello que se cubre todo o territorio atlántico.

En canto ao manifestado polo Concelleiro do BNG de convocatoria dunha Comisión Informativa para estudar os Estatutos, ten que decirlle que eses son os que hai e non se van a modificar porque se adhira un membro, lembrando que antes do 30 de setembro ten que decidir, Viveiro, se se suma ou non e se acepta a reserva económica da cota dos orzamentos do 2008, xa que os que se adhiran máis tarde pagarán máis. Que esta é unha realidade que terá repercusión política, xa que o Eixo é un centro de estudo e representación. A continuación, se pregunta ¿cal é o problema para que Viveiro forme parte do Eixo Atlántico?, respondendo, a seguir, que tiveron que asistir a unha xornada en Ourense, que o Concello de Viveiro tivo que superar uns informes do Eixo, tanto de aspectos medioambientais como de urbanismo e, lembra que a outros concellos se lles denegou a integración por tratarse de concellos de carácter residencial dormitorio.

Polo Voceiro do PP, solicítase unha nova intervención, que é concedida e, seguidamente, sinala unhas puntualizacións aclarando que el non participou nas reunións, no seu momento, co Presidente da Xunta nin coa Alcaldesa de Vigo, que o representante do PP de Viveiro e que dixo que descoñecía os Estatutos e os benefizos de pertencer a dita Organización. Finaliza dicindo que lle sorprende unha reunión na cidade de Ourense xa que non lle ve relación co océano Atlántico.

En resposta, o Sr. Alcalde, lémbrollle que o Voceiro do PP presentouse as eleccións locais baixo as siglas do Partido Popular e non integrando unha candidatura independente; polo que está obrigado a coñecer a posición do seu partido ante determinadas propostas que o Sr. Fraga, sendo Presidente da Xunta de Galicia foi un gran impulsor desta eurorexión; polo que conclúe dicindo que cómpre a un Concelleiro do PP coñecer o que opina ese partido da Organización da que falan.

Nunha nova intervención do Concelleiro do BNG insiste na argumentación feita, refirida á necesidade da celebración dunha Comisión Informativa, polo Sr. Alcalde se sinala que quen debe contestar ás dúbidas do Voceiro do PP e o Voceiro do BNG, pois indica que durante o goberno bipartito de Viveiro ao que pertencía o Sr. Goás, nunca se cuestionou polo grupo do BNG o Eixo Atlántico, xa que de sobra coñece os Estatutos e demais aspectos desa Organización, e nunca, dí, o BNG amosou dúbidas sobre a participación no Eixo.

En contestación, por alusións o Concelleiro do BNG, Sr. Basanta, dí que a postura súa é contra a forma de tratar este asunto e non co fondo, polo que insiste na celebración de Comisión Informativa ou Xunta de Voceiros.

Polo Sr. Alcalde, finalmente, se manifesta que esas afirmacións as toleraría doutro grupo político, pero non dun Concelleiro que participou no anterior goberno bipartito, formulando a seguinte pregunta: ¿non coñece o BNG os estatutos do Eixo Atlántico?.

Nunha nova intervención, o Concelleiro de IU-EU, dí que se os Estatutos do Eixo Atlántico non se poden variar e hai un prazo para adherirse que finaliza o trinta de setembro haberá que tomar un acordo, pero, non obstante, pediría unha copia dos Estatutos para poder dispoñer do documento.

Neste intre solicita intrervir a Concelleira do PP, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Gueimunde González, indicándolle o Sr. Alcalde que o debate está finalizado e as posturas do grupo do PP e dos concelleiros do BNG e IU-EU se atopan o suficientemente claras para proceder a efectuar a votación do



asunto. Como queira que a Concelleira citada insiste na súa pretensión, o Sr. Alcalde reafirmase en que o debate está finalizado, polo que non proceden outras intervencións.

E o Pleno da Corporación, por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE e IU-EU) e sete abstencións (PP e BNG) e ningún voto en contra, acorda:

1º.- Ratificar a adhesión do Concello de Viveiro ao Eixo Atlántico do Noroeste Penínsular.

2º.- Aceptar os estatutos de dita Asociación transfronteriza de municipios.

3º.- Consignar nos orzamentos correspondentes ao ano 2008 a cantidade de 18.000 euros e comprometerse ao aboamento da cota anual polo dito importe.

Dáse traslado do presente acordo ao Eixo Atlántico, así como aos departamentos municipais de Intervención e Tesourería.

**4.- DACIÓN DE CONTA DO CESAMENTO DE ENXEÑEIRO MUNICIPAL, D. ALFONSO TENORIO ARANGUREN, POR MOR DO NOMEAMENTO PARA POSTO NA DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTES.**

Polo Sr. Alcalde dáse o uso da palabra á Sra. Secretaria que indica que como xa coñecen os corporativos, por figurar a resolución da Alcaldía na documentación da sesión, con data 14 de setembro produxose o cesamento do Enxeñeiro de Camiños, D. Alfonso Tenorio Aranguren, por pasar a prestar os seus servizos na Dirección Xeral de Transportes da Comunidade Autónoma.

Sinalando, a seguir, que para que se efectuara dito nomeamento pola Alcaldía, houbo que emitir un informe favorable ao mesmo.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que pregunta ao Sr. Alcalde se se vai amortizar a praza de Enxeñeiro.

Polo Sr. Alcalde respóndase que se vai a modificar a relación de postos de traballo para que sexa a praza de arquitecto.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), acorda quedar informado.

Dáse traslado do presente acordo á funcionaria encargada do departamento de Persoal, D<sup>a</sup>. Fátima Moar Rivera.

**5.- MOCIÓN DO PP CARA A SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DESAPARICIÓN DO IMPOSTO DE SUCESIÓN E DOAZÓN E POSIBILIDADE DE TRAMITAR A LIQUIDACIÓN NA CAPITAL DA PROVINCIA.**

Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, dáse lectura da moción que, textualmente, dí:

“MOCIÓN

que se basea na

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

que se detalla a continuación:



A Comunidade Autónoma de Galicia tén competencias normativas e de xestión sobre dos tributos cedidos segundo o previsto na Lei Orgánica 8/80, de 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas. Na mesma, recóllense os tributos cedidos sobre os que as comunidades autónomas dispoñen de competencias normativas nos termos que estableza a lei que ceda o tributo correspondente; entre eses tributos está o Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

A Lei 21/01, de 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas establece, para o Imposto de Sucesións e Doazóns, o alcance da cesión e os puntos de conexión; igualmente, fixa o marco normativo das comunidades autónomas no mencionado imposto, establecendo que estas poderán asumir competencias respecto de redución da base imponible tanto para transmisión “inter vivos”, como “mortis causa”; redución da tarifa do imposto; da contía e coeficientes do patrimonio preexistente, e deducións e bonificacións da cota.

Pois ben, desde unha perspectiva práctica e de incidencia na economía das familias ou persoas físicas que están suxeitas ó imposto, non podemos obviarque este imposto aplícase sobre unha materia que xa tén sido obxecto de gravame como redemento, polo que estamos ante un suposto de dobre imposición; igualmente, pódese argumentar que non hai incremento patrimonial cando a transmisión se produce dentro do núcleo da unidade familiar, podéñose entender que debería ser esta, a unidade familiar, a unidade contribuinte.

É ben certo que na meirande parte dos casos, o abono deste imposto supón un grave quebranto para as economías familiares, sobre de todo no rural, xa que se ven abocados a abonar importes que en certos casos deixan as economías domésticas en situación mesmo críticas.

Por riba, non debemos esquecer trastorno que supón que as persoas afectadas deban trasladarse á cidade de A Coruña para socilitar documentación imprescindible para a tramitación e abono do imposto, co que se está gravando aínda máis ás economías que xeralmente están en situación máis feble.

Por eso, pensamos que debemos ir a unha paulatina desaparición do Imposto de Sucesións e Doazóns; non sería lóxico pensar na desaparición inmediata xa que privaría dunha fonte de ingresos presupostados á Administración Autonómica, pero sí podemos afirmar que pode ser factible que 2010 sexa o derradeiro exercicio fiscal no que se tribute por imposto.

Polo tanto, desde o Grupo Municipal do Partido Popular, en función do anteriormenete exposto, é polo que propoñemos ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1.- O Pleno da Corporación Municipal do Concello solicita da Administración Autonómica a desaparición do Imposto de Sucesións e Doazóns, de forma que o exercicio de 2010 sexa o derradeiro no que se tribute por tal concepto.

2.- Solicitar que tódolos trámites a efectuar polos afectados para liquidar o imposto, se poñan levar a cabo na capitalidade da provincia (o Imposto de sucesións).



3.- Elevar os presentes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia, á Mesa do parlamento, e ós portavoces dos grupos políticos que conforman o Parlamento de Galicia, así como ó Presidente da Deputación e portavoces dos grupos provinciais.

O que se traslada ó Pleno da Corporación Municipal para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión plenaria que se celebre.”

Polo Sr. Alcalde indícase ao Voceiro do PS de G-PSOE, Sr. Fernández Amor, que vai contestar el mesmo e indica, a seguir, que a presente moción é un texto fotocopiado e presentado noutros concellos, aínda que neste caso parécelle pouco acorde cos coñecementos que ten na materia o Vocerío do PP por tratarse do Imposto de Sucesións, xa que co texto presentado están pidindo que o 10% dos contribuíntes deixen de pagar o 70% mentras o tipo fixo máis baixo do IRPF é do 18%; polo que considera que o que habería que incrementar é a participación dos máis acaudalados en canto a patrimonio e pedir que desapareza un imposto que grava unha herdanza, cando, insiste, hai que pagar o 18% do IRPF polas ganancias obtidas polo traballo persoal ..., non lle parece defendible e van a votar en contra da moción.

A continuación intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que din non atoparse de acordo coa moción do PP e formula unha emenda, xa que di que os discurso do PP é demagóxico pois promoven unha desaparición do Imposto de Sucesións pero incrementan os impostos indirectos, lendo a emenda que, textualmente, dí.

#### “EMENDA

Proponemos o voto en contra desta moción, ou no seu caso a seguinte proposta de emenda ao punto primeiro, quedando igual os puntos dous e tres:

1. O Pleno da Corporación municipal do Concello solicita da Administración Autonómica que valore a posibilidade de iniciar un debate conducente a reformar o imposto de sucesións e doazóns para mellorar a súa progresividade, e reducir a sús contía nos colectivos de menor renda.”

Seguidamente, intervén o Conlleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que anuncia vai votar en contra da proposta do PP, aínda que o felicita pola defensa dos intereses dos seus votantes con capacidade económica e, sinalando que non comprende aos votantes do PP con menor capacidade económica.

En contestación o Concelleiro do grupo proponente da moción, Sr. Leal Arias, puntualiza que as porcentaxes non son exactas, xa que cando se fala do Imposto de Sucesións, como ben indicou o Concelleiro do BNG, se está a tratar dunha escala sucesiva. Indica que en canto ao manifestado polo Alcalde, do tipo mínimo do IRPF ten que dicir que, efectivamente, gobernando o PSOE é o 18% que cando gobernaba o PP o tipo mínimo era o 15%; polo que se refiriu o Sr. Aclalde sobre a non conveniencia de surprimir este Imposto aducindo razóns de xustiza contributiva, ten que dicir que noutras comunidades autónomas tales como: País Vasco, Cantabria, La Rioja e Baleares o teñen modificado no sentido da moción e todos coñecen que hai empresas que fixan a súa sede nesas comunidades autónomas para evitar un gravamen máis elevado e que o que pretenden é que non existan cidadáns de varias clases dependendo na comunidade autónoma na que residan; que a escala de gravamen é bastante elevada e que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais teñen que tributar igualmente. En canto aos grandes propietarios, non van a ter problemas, pois se trasladan ás co-



munidades autónomas onde menos teñan que tributar e que iso non o di a moción unicamente, sinón que D. Tomás Gómez, Secretario do PSOE de Madrid, así o expón nun artigo publicado no diario “Expansión” do derradeiro 19 de setembro, no que pide se elimine o Imposto sobre o patrimonio.

O Sr. Alcalde indica que a opinión dun afiliado ao partido socialista, non cambia a posición do propio Partido e que a posición do PP de Viveiro non cambia a posición do PP sobre o Eixo Atlántico. Que agora ve que o PP defende os acordos de tributación do País Vasco e Navarra, finalmente, pregúntalle ao Voceiro do PP se aceptan a emenda feita polo Concelleiro do BNG, respondendo o interpelado negativamente; polo que se procede a efectuar a votación.

E o Pleno da Corporación, por maioría de dez votos en contra (PS de G-PSOE , BNG e IU-EU) e seis votos a favor (PP), acorda desestimar a dita moción.

#### **6.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

#### **7.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE TRES CONCELLOS, EXCEPTO LUGO, PARA REPRESENTACIÓN NO CONSELLO TERRITORIAL DO CATASTRO INMOBILIARIO.**

Polo Sr. Alcalde propónse a designación dos seguintes Concellos: Burela, Pedrafita e Viveiro, para a representación no Consello Territorial do Catastro Inmobiliario, de conformidade co disposto no apartado 5º do Real Decreto 417/2006, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a quenda de intervencións, só se produce a do Voceiro do PP que se manifesta conforme coa proposta da Alcaldía, asintindo á pregunta do Sr. Alcalde os Concelleiros do BNG e IU-EU, respectivamente, procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar o voto aos Concellos de Burela, Pedrafita e Viveiro para a representación no Consello Territorial do Catastro Inmobiliario.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Xerencia Territorial do Catastro da Delegación de Economía e Facenda, así como aos Concellos de Burela e Pedrafita e ao encargado do departamento do Catastro Inmoliario-urbana do Concello

#### **8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA DESAFECTACIÓN DO ANTIGO COLEXIO “PEDROSA LATAS”.**

O Sr. Alcalde-presidente da lectura do informe de Secretaría que consta no expediente da sesión.

Indica, a seguir, que autorizou que o Centro de Día para nenos de 0 a 3 anos se situara no colexio “Pedrosa Latas”, polo que se que se colocaron os tres módulos no patio, en tanto duren as obras de acondicionamento da piscina , pois presentaba un problema de seguridade.



A seguir intervén o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, para preguntar: ¿houbo desafectación do ISM?

En resposta o Sr. Alcalde manifesta que non apareceron no ISM como inventariado pola Tesourería da Seguridade Social.

Non se producen outras intervención, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), o que supón maioría absoluta do número legal dos mesmos, acorda desafectar do uso a antiga escola “Pedrosa Latas”. De Celeiro, para destinala a usos sociais i/o culturais, previa información pública polo prazo dun mes.

Dáse traslado do presente acordo á funcionaria encargada do Inventario de Bens, D<sup>a</sup>. María del Carmen Vale González, para a súa tramitación.

#### **9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO.**

Sr. Alcalde manifesta que este asunto queda aprazado para unha próxima sesión, pois está de vacacións o Interventor que é a persoa que ten que informalo

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis) acorda, de conformidade co disposto no artigo 92.1 de ROF, deixa-lo asunto sobre a Mesa, aprazando a súa discusión para unha próxima sesión.

#### **10.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, fórmulanse os seguintes rogos e preguntas que, literalmente, dín:

1.- Coñece o Sr. Alcalde a situación do acceso á praia de Sacido?

O Sr. Alcalde resposta que está convocado o Servizo Provincial de Costas e a empresa TRACSA quen ten que facer a reparación.

Volve a intervir o Sr. Expósito, dicindo que o acceso atópase cortado. Esa mesma persoa acondiciona un acceso que agora está pechado.

O Sr. Alcalde contesta que hai perigo de derrubamento do muro.

O Sr. Expósito, dí que ese perigo xa existía, pero agora está atrancado por obras, e insiste ¿cal é o acceso?..

O Sr. Alcalde indica que se solicitará ao Servizo Provincial de Costas para que delimite e determine cal é o acceso, posto que é ese Servizo o que ten que informar sobre os terreos que está afectados pola limitación dos 200 mts.

2.- A pesares das promesas feitas, os eucaliptos que cruzan o río Landro por distintos lugares seguen aí. ¿Para cando a solución?.





O Sr. Alcalde contesta que a brigada verde non puido facer ese traballo, xa que ten moitas dificultades polas mareas e xa, remataron o seu contrato. Que o vindeiro luns seleccionaranse: catro peóns, 3 capataces e un técnico, temos vinte e catro persoas menos que no mes de agosto.

3.- Estase a facer un traballo importante na solución dos vertidos que había nalgunhas zonas do Concello, non obstante, continúa o que se atopa no comezo do paseo marítimo da variante, á altura da ponte da Misericordia ¿para cando unha solución?.

O Sr. Alcalde resposta que un deles disfrazouse como aliviadeiro durante anos botouse a porquería directamente á ría. Sinalando que pola Comsellería inverteuse fortemente en solucionar estes vertidos ilegais e quedan tres puntos de menor entidade por solucionar.

4.- Unha vez pasado o verán, e con O Naseiro, o estado no que se atopa a zona é calamitoso, como ven ocorrendo dende anos atrais. Aparte do esforzo que o Concello acomete, ¿non sería interesante esixir aos propietarios a mesma actuación?

O Sr. Alcalde contesta que os cambios teñen que ser paulatinos e reconece que non se está esixindo debidamente o cumprimento das ordenanzas municipais.

5.- A reforma da casa de Calvo Sotelo, na rúa Irmáns Vilar Ponte, está acumulando un retraso na súa posta a punto, coa conseguente carencia dos servizos que se pensan poñer. A todo isto hai que engadir o aspecto de abandono que ocasiona na zona, ¿para cando unha solución?.

Resposta, o Sr. Alcalde, que a obra acumulou un retraso, en parte, debido á grave enfermidade do empresario adxudicatario da mesma e que o Concello requiríu á empresa polo deterioro dos muros ocasionado polo retraso. Que a tal efecto, tiveron unha reunión co encargado da empresa adxudicataria e o Arquitecto de Excelencia Turística e, se non hai acordo, rescindirase o contrato.

6.- Unha vez máis, e xa van moitas, pregunta: ¿para cando unha solución ao Camiño do Coto en Magazos?.

7.- Con motivo da próxima revisión das distintas ordenanzas, e atendendo a demanda presentada no Concello polo colectivo de minusválidos, sería interesante instaurar a que regule os aparcamentos deste colectivo.”

O Sr. Alcalde dí que están traballando non só con ese colectivo, polo que xa examinaron ordenanzas de concellos da Comunidade de Madrid, tales como Getafe e San Fernando de Henares e que se prevé non soamente ampliar as prazas dedicadas a persoas con minusvalía, senón tamén a posibilidade de adxudicar nominadamente algunha delas cando se trate de grandes minusválidos.

A continuación, o Sr. Alcalde sinala que soamente vai contestar ás preguntas formuladas por escrito e presentadas con anterioridade á celebración da sesión; polo que as preguntas que presenta o BNG contestaraas na próxima sesión. Puntualizando que as de IU-EU presentáronse o luns.

Seguidamente, reitera ao Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, que non contestará a preguntas que non se formularan coa preceptiva antelación.



Non obstante, ao manifestado polo Sr. Alcalde, o Concelleiro do BNG, Sr. Goás Basanta, indica que se atopa pendente de resolución o camiño pechado con cadeas, na parroquia de Valcarría; refiríndose, seguidamente, tamén a unhas declaracións da Concelleira-delegada de Cultura, D<sup>a</sup>. Concepción Toral, que apareceron nos medios de comunicación sobre a falta de colaboración do responsable de cultura do anterior goberno coa actual.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.